

A CRUZ DA TAHONA *

Xosé Carlos VALLE PÉREZ

Coñecín a Carlos Alberto Ferreira de Almeida a principios da década dos setenta. Foi en Santiago de Compostela. Comezaba eu entón os meus estudos sobre Historia da Arte na súa Universidade. Tiñamos amigos comúns, o que facilitou e propiciou os nosos encontros. El era xa naquel momento un prestixioso investigador e profesor. A diferenza de idade non foi, sen embargo, un obstáculo para a nosa relación. Todo o contrario. Durante un cuarto de século mantivemos frecuentes contactos, intercambiando periodicamente información e opinións sobre asuntos moi diversos, desde a Prehistoria ata a Arte Contemporánea. A Idade Media, campo predilecto da súa actuación e da miña, foi, non obstante, o territorio privilexiado das nosas comunicacións. Non debe extrañar, por iso, que a miña contribución á merecida homenaxe que lle tributa a súa Facultade teña por obxecto a análise dunha obra datada precisamente nesa época: a Cruz da Tahona.

Recibe o seu nome esta Cruz do que acabou por te-la praza de Ferrol (A Coruña – Galicia) na que se ubica o inmovible no que estivo empotrada desde mediados do século XIX ata datas recentes¹. Trátase, en realidade, da parte superior dun cruceiro gótico – A. Rodríguez Castelao, o gran estudioso destes monumentos, diría que é unha cruz

* Este artigo ten a súa orixe nun Informe sobre a datación e valoración histórico-artística da Cruz encargado pola Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Ós seus responsables agradézcólles a autorización para facer uso dos datos contidos nese estudo. Tamén quero deixar constancia do meu recoñecemento tanto á Dra. D^a Camen Manso Porto como a D. Juan J. Burgoa Fernández pola xenerosa axuda que me prestaron para a súa realización.

¹ «Otro crucero de piedra existe en la plazuela que hay frente al edificio conocido con el nombre de *Tahona* en la parte más alta de la población. Hasta el año de 1850 estuvo abandonado y arrimado a la pared de una casa; pero con motivo de haberse ésta reedificado, el dueño obtuvo del Ayuntamiento permiso para incrustarlo en la pared, según hoy se halla». J. MONTERO Y ARÓSTEGUI, *Historia y descripción de El Ferrol*, Pontedeume, 1972 (1^a ed., Ferrol, 1858), páxs. 254-255. A cruz, de discutible propiedade privada como consecuencia dese proceso, encóntrase hoxe, despois de ser desempotrada, nun domicilio privado próximo ó núcleo urbán de Ferrol. Do seu emprazamento anterior da idea o debuxo de Francisco Yglesias que reproduce J. J. BURGOA FERNANDEZ en «Introducción a un Vía Crucis ferrolano», *Ferrol Análisis*, 7, (1995), páxs. 28-35, en particular pág. 31.

gótica, dada a diferenza que establecía entre cruceiros e cruces góticas² – de extraordinario interese tanto pola súa iconografía como polo seu estilo, feitos que tornan incomprendible que non teña sido adecuadamente valorada ata hoxe. A súa localización no lugar que histórica e artisticamente lle corresponde está xustamente encamiñado neste artigo.

DESCRIPCIÓN

A obra que me ocupa (Fig. 1-2), no esencial, está tallada nun só bloque granítico (quizais fose iso o que sucedía en orixe coa totalidade da peza, pero non me atrevo a afirmalo rotundamente). Está centrada e, obviamente, dominada pola Cruz, incrustada directamente no que semella ser un pequeno montículo constituído por pedras dispostas verticalmente.

No anverso da Cruz, de tipo moi sinxelo – brazos de sección prismática, con aristas perfiladas por molduras cóncavas ou convexas lisas, e remates flordelisados –, está representado Cristo. De longos brazos cravados na parte alta do travesero, mostra a súa cabeza, de rostro inexpresivo, apoiada sobre o ombreiro dereito, amplo pano de pureza anoadado nese mesmo lado e perna dereita flexionada en idéntica dirección, colocando o pé dereito, forzosamente, sobre o esquerdo, os dous dispostos de xeito paralelo.

Á esquerda de Cristo sitúase unha figura masculina de pé coa cabeza, cuberta por longa melena, lixeiramente inclinada á dereita. Xunta as súas mans sobre o peito, reforzando o xesto de recollimento e tristeza que aínda pode detectarse no seu rostro. Trátase, sen dúbida, dunha representación de San Xoán Evanxelista, o discípulo preferido, usual ou frecuente acompañante de Cristo en escenas alusivas ó Calvario³.

Tres figuras están emprazadas á dereita do Crucificado. Unha, a dianteira, coas mans cruzadas sobre o peito, parece estar desplomándose, sendo suxetada cos seus brazos por unha das persoas que están detrás. A outra, a máis próxima a Cristo e da cal, como na precedente, só se aprecia frontalmente ben a cabeza, leva a súa man esquerda á meixela, en clara expresión de dor. Estamos, con toda probabilidade, ante unha representación do Pasma da Virxe, que sería a figura situada no primeiro plano, sosténdoa, no momento do seu desfalecemento, unha das Santas Mulleres. A outra, co seu xesto, acentuaría o dramatismo do momento. Este tema, que comeza a introducirse na arte occidental – sobre todo no mundo da pintura – na etapa final da Idade Media⁴, preséntase hoxe, ata onde alcanza a miña información, como un «unicum» no mundo dos cruceiros.

A parte posterior da Cruz está case totalmente lisa. Só a zona de converxencia dos dous traveseros ofrece ornato. Ahí, inscrito nun círculo e con caracteres góticos alemáns en reserva, dispónse o monograma IHS. Ós lados da Cruz e cun tratamento moi sumario dos pregados aprécianse as vestimentas de San Xoán e das Santas Mulleres, datos, un, o do epígrafe, e outro, o dos roupaxes, que confirman que a Cruz podía contemplarse tanto polo anverso como polo reverso, isto é, que era unha obra exenta.

VALORACIÓN E DATACIÓN

Non resulta fácil data-la obra que acabamos de describir. Á falta de referencias documentais claras e seguras sobre a súa orixe⁵, únense tamén, para facer aínda

² *As cruces de pedra na Galiza*, Buenos Aires, 1950, páxs. 109-120.

³ Vid. L. RÉAU, *Iconografía del arte cristiano*, Tomo I, Vol. 2, *Iconografía de la Biblia. Nuevo Testamento*, Barcelona, 1996 (ed. orixinal, París, 1957), páxs. 518-519.

⁴ IDEM, páxs. 519-520.

⁵ Tampouco está libre de polémica a súa procedencia inicial. Para algúns autores, comezando, no século XIX, por J. MONTERO Y ARÓSTEGUI, *Historia y descripción de El Ferrol*, cit., páxs. 254-255, esta cruz sería a parte superior do primeiro cruceiro de pedra levantado

máis complicada a tarefa, tanto a súa evidente tosquedade formal como a erosión e deterioro que sufriu co paso do tempo. Argumentos de signo moi diverso, sen embargo, permiten enfrontarse a esa ineludible esixencia cunha certa seguridade.

Polo que se refire á primeira cuestión citada, as referencias documentais que se relacionan con esta Cruz teñen moi escaso interese. De feito só unha merece reseña: a mención de que o monumento ó que pertenceu foi colocado en presenza de Fernán Pérez de Andrade, «O Boo», o 3 de maio de 1387⁶. Aínda que o fundamento textual deste dato tan preciso e concreto non puiden averigualo e, polo tanto, non puiden analízalo criticamente, o certo é que a datación da obra a partir dos paralelos que para os seus rasgos estilísticos poden sinalarse non dista moito, como se verá, da que proporciona tal pista.

Centrándonos xa en cuestións de estilo, debe sinalarse de entrada que a indubiable tosquedade da obra que examinamos, acusada moi particularmente na figura de Cristo, non impide reconece-la orixe «cult», con tódolos matices que a este termo queramos aplicar, do seu artífice. O perfil da peza – un tronco de pirámide invertido, en definitiva – e a maneira de agrupa-las figuras, formando un conxunto compacto e rotundo, potenciando o efecto de bloque, sen a penas saíntes, suxire que estamos ante un artista/artesán habituado a tallar capiteis ou que, cando menos, sabía como se facían. Esta proxenie «cult» – insisto na relatividade do termo tanto á vista da obra que valoramos como, en xeral, de boa parte da escultura galega do seu tempo – corrobórana os paralelos que poden invocarse para os seus diversos compoñentes, referencias que, á súa vez, axudan a fixar un marco para a execución da obra.

Capital a ese respecto é, ante todo, a figura de Cristo. O seu tono xeral e en especial a disposición das súas pernas deriva de modelos típicos do século XIV, como o Crucificado do trascoro da Catedral de Santiago, hoxe ubicado nunha das capelas, a do «Sancti Spiritus», do brazo norte do cruceiro⁷. A ese mesmo ámbito compostelán, según opinión de C. Manso que comparto, lévannos tamén as faccións do rostro de Cristo, con paralelos moi claros nas que exhiben algunhas das figuras talladas nos capiteis da fachada de acceso á Sala Capitular do Convento de San Francisco da cidade do Apóstolo, datada por aquela autora nos anos iniciais do século XV⁸. A este horizonte apuntarían asemade os caracteres do monograma do reverso da Cruz⁹ e tamén a peculiar representación do Pasma da Virxe que se insire á dereita de Cristo¹⁰.

Unha cronoloxía, pois, de cara ó primeiro cuarto ou primeiro tercio do século XV, ampla pero explicable dada a rudeza da obra, e unha vinculación en última instancia ó mundo compostelán, nada anómala por outro lado en Galicia e nesa época, ofrécense como os parámetros máis axeitados para enmarca-la súa realización¹¹.

na Praza de Canido, obra datada por el con posterioridade a 1679. Outros, polo contrario, non mencionan para nada esta posible proxenie, cabendo deducir do seu silencio que se inclinan pola súa pertenza desde o seu arranque á praza na que estivo ata hai poucos anos.

⁶ Recóllese o dato, por exemplo, no *Catálogo* dunha exposición adicada a *Eduardo de la Vega (1859-1943)* organizada polo Ateneo Ferrolán entre o 2 e o 16 de decembro de 1994.

⁷ Vid. J. M^a CAAMAÑO MARTÍNEZ, «El Gótico», no colectivo *La Catedral de Santiago*, Barcelona, 1977, páxs. 249-288, en particular páx. 262.

⁸ C. MANSO PORTO, *Arte gótico en Galicia: los Dominicos*, 2 vols., Madrid, 1993, especialmente vol. I, páxs. 101 e 122. J. M^a CAAMAÑO MARTÍNEZ, *Contribución al estudio del gótico en Galicia (Diócesis de Santiago)*, Valladolid, 1962, páxs. 316-317, pola súa parte, data ese ingreso, dun xeito máis xenérico, no primeiro tercio do século XV.

⁹ A introducción da letra gótica alemana en Galicia prodúcese precisamente por estes mesmos momentos. C. MANSO PORTO, *Arte gótico en Galicia: los Dominicos*, cit., vol. I, páxs. 103 e 347-349, sinala nos capiteis de ingreso á capela maior, lado do Evanxeo, da igrexa de San Domingos de Tui, datada por ela no primeiro tercio do século XV, a aparición «de uno de los primeros testimonios de epigrafía gótica alemana en Galicia».

¹⁰ Vid. texto e nota 5.

¹¹ Dada a proximidade física existente entre Ferrol e Betanzos (tamén na provincia da Coruña) e a problemática mención de Fernán Pérez de Andrade, «O Boo», o gran patrocinador da renovación constructiva que se leva a cabo no segundo núcleo na etapa final do século XIV, en relación coa orixe da obra que comento, parece oportuno recordar que, tal como sinala C. MANSO PORTO, *Arte gótico en Galicia: los Dominicos*, cit., Vol. I, páx. 101, os ecos do labor dos talleres que traballan para tan eximio personaxe na área betanceira tamén se deixan

O Cristo da Tahona, pois, vén a unirse ás escasas cruces/cruceiros conservados hoxe que poden datarse cun mínimo de seguridade a finais de Idade Media. Aínda contando coa súa rusticidade, coa súa falta de finura, haberá de terse en conta cando se acometa con seriedade e rigor – e tamén con urxencia – o estudio da orixe e primeiros pasos en Galicia dun monumento tan consustancial á nosa paisaxe como son os cruceiros¹².

sentir na fachada da Sala Capitular de Santiago que nos serve de referencia. Con todo, a proxenie inmediata para o estilo da obra que examinamos haberá de buscarse inequivocamente no núcleo de Santiago.

¹² O exame destas obras experimentou un gran desenvolvemento desde os anos setenta. Diso é boa proba a nutrida bibliografía da que hoxe dispomos, que non cito aquí por ser innecesaria. Vista esa eclosión, sorprende que aínda non se someteran a revisión as propostas de Castelao, hoxe difíciles de asumir tal como el as formulou, sobre as cuestións citadas no texto. A elas dedicareille proximamente un extenso traballo.

A CRUZ DE TAHONA



Fig. 1 – Cruz da Tahona. Anverso.




Fig. 2 – Cruz da Tahona. Reverso.

